

O PSOE é assim: Abel Caballero recorre da ordem judicial para a retirada da cruz fascista em Vigo

DIARIO LIBERDADE :: 10/09/2014

[Gal/Cast] Abel Caballero, alcalde de Vigo por el PSOE, recorre la orden judicial de retirar la cruz fascista en el monte do Castro vigués

Galego

A Cruz dos caídos do bando golpista, inaugurada polo assassino Franco en 1961 no monte do Castro, en Vigo, é agora veementemente defendida polo presidente da cámara viguesa, do PSOE.

Nem sequer umha sentença judicial, que na passada semana obrigou a que se cumpra a Lei da Memória Histórica retirando o monumento fascista, serviu para que o suposto "socialista" viguês acesse à reivindicação popular.

Abel Caballero, conhecido polas cunhas que reparte entre amigos para postos de trabalho municipais, é o único, junto ao PP, que nom vê conotações políticas na Cruz erguida por iniciativa da Falange como símbolo de imposição sobre dezenas de milhares de vítimas do genocídio franquista. No caso do tribunal que ditou setença sobre o assunto, a questom é clara: "é um testemunho presente do triunfo dos vencedores na Guerra Civil e memória da humilhação para os vencidos".

Com total descaramento, Caballero mostrou-se convencido de que ganhará o recurso: "95% dos recursos apresentados pola corporação ganhamo-los".

Mui comedidamente, a Associação Memória Histórica do 36 considerou "fora do razoável" a atitude do presidente da cámara, cujo partido aprovou, sob presidência de Rodríguez Zapatero, a Lei de que emana a sentença, já em 2007, reclamando que o atual líder espanhol do PSOE tome medidas para evitar que Caballero mantenha a sua atitude de desprezo polas vítimas do genocídio fascista.

Castellano

La Cruz de los caídos del bando golpista, inaugurada por el asesino Franco en 1961 en el monte do Castro, en Vigo, es ahora vehementemente defendida por el presidente de la cámara viguesa del PSOE.

Ni siquiera una sentencia judicial, que la pasada semana obligó a que se cumpliese la Ley de

la Memoria Histórica retirando el monumento fascista, ha servido para que el supuesto “socialista” vigués accediese a la reivindicación popular.

Abel Caballero, conocido por las recomendaciones que reparte entre amigos para puestos de trabajo municipales, es el único, junto al PP, que no ve connotaciones políticas en la Cruz levantada por iniciativa de Falange como símbolo de imposición sobre decenas de miles de víctimas del genocidio franquista. En el caso del tribunal que dictó sentencia sobre el asunto, la cuestión es clara: “es un testimonio presente del triunfo de los vencedores en la Guerra Civil y memoria de la humillación para los vencidos”.

Con total descaro, Caballero se ha mostrado convencido de que ganará el recurso: “95% de los recursos presentados por la corporación los ganamos”

Muy comedidamente, La Asociación Memoria Histórica del 36 consideró “fuera de lo razonable” la actitud del presidente de la cámara, cuyo partido aprobó, bajo presidencia de Rodríguez Zapatero, la Ley de la que emana la sentencia, ya en 2007, reclamando que el actual líder español del PSOE tome medidas para evitar que Caballero mantenga su actitud de desprecio por la víctimas del genocidio fascista.

<https://galiza.lahaine.org/o-psoe-e-assim-abel>